

---

**PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS E ECONÓMICAS PARA  
CONTRATACIÓN POLA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTIÓN CENTRO DE  
SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA  
PROXECTO ICHNOS Xullo 2006**

---

## **1. CONDICIÓN**

### **1.1.OBXECTO**

O obxecto desta petición de oferta é a contratación dunha asistencia técnica para o Proxecto ICHNOS.

A adxudicación levarase a cabo despois de analizar as distintas propostas e coas reservas seguintes:

- I) O adxudicante resérvase o dereito a non adxudicar a ningún dos ofertantes.
- II) O adxudicante resérvase o dereito de realizar a adxudicación de forma provisional a fin de que lle sexa posible concertar co adxudicatario condicións máis favorables que as incluídas na proposta.

O importe máximo dos servizos solicitados é de 62.000 Euros (sesenta e dous mil Euros) incluídos impostos, taxas e demais gastos, divido nos seguintes Lotes:

Lote I: Integración, adaptación e impresión de informe: 15.000 €, quince mil euros.

Lote II: Integración adaptación e impresión de monografías. Promoción de resultados: 47.000 €, corenta e sete mil euros.

### **1.2 CONTRATO**

#### **1.2.1.Réxime xurídico e natureza do contrato**

O presente proceso de adxudicación acabará coa formalización dun contrato de prestación de servizos.

O presente proceso de adxudicación réxese por estes pregos, o contrato e, en canto ós trámites de preparación e adxudicación a Lei de contratos das administracións públicas, aprobada por RDL 2/2000.

#### **1.2.2. Alteración e prórroga dos contratos**

Calquera alteración e prórroga a introducir nos contratos será obxecto de acordo previo entre as partes.

### **1.2.3. Rescisión do contrato e adquisición**

O adxudicante poderá rescindir o contrato nos casos que a continuación se indican:

- I) Demora na entrega dos servizos comprometidos por un período superior a quince días en relación coas datas que se indican no contrato.
- II) Demora na entrega dos servizos comprometidos por causa de forza maior por un período superior a vinte días en relación coa data que figure no contrato.
- III) Incumprimento ou cumprimento defectuoso do contrato, o que deberá ser previamente comprobado por unha comisión arbitral.

## **1.3. PROPOSTAS**

### **1.3.1. Entrega das propostas**

- I) As propostas deberán ser entregadas antes das 14:00 do día 1 de agosto de 2006, na sede da *Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA)* , na Avenida de Vigo, s/n, 15705 Santiago de Compostela.
- II) Se o envío se fai por correo ou calquera outro medio de envío, o propoñente é o único responsable polas demoras na entrega que puidesen ocorrer, non podendo presentar reclamación se a entrega dos documentos ten lugar despois de acabado o prazo antes mencionado.

### **1.3.2. Prazo de validez das propostas**

As propostas deberán ter validez por un prazo mínimo de 30 días. Se no período de tempo existente entre a presentación da oferta e a adxudicación existisen, por cambios nas condicións de mercado, melloras tecnolóxicas ou de prezos nos produtos ou servizos ofertados, estas deberán modificar automaticamente a oferta presentada, e deberán ser comunicadas por escrito.

### **1.3.3. Formas das propostas**

#### **1.3.3.1.- Condicións Xerais**

As propostas serán presentadas en galego ou castelán .

Os prezos indicados deberán expresarse en Euros e incluír impostos e taxas que correspondan.

A presentación das propostas deberá corresponder ó estipulado nos parágrafos seguintes.

#### **1.3.3.2.- Proposta de Servizos**

A proposta de servizos presentarase en dous únicos sobres ou paquetes cerrados e lacrados. Cada sobre ou paquete deberá identificarse coa etiqueta:

OFERTA PARA A CONTRATACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA  
PARA O PROXECTO ICHNOS – XULLO 2006

SOBRE: (A ou B)

Contido dos sobres:

- Sobre A: Incluirá exclusivamente a seguinte información:
  - Nome do proponte.
  - Valor global da proposta de servizos.
- Sobre B: Este sobre incluirá a seguinte información:
  - I. Memoria descritiva da oferta, incluíndo a metodoloxía proposta para a realización dos traballos.
  - II. Proxecto de traballo para un calendario de actuacións, cos seus correspondentes entregables, segundo o seguinte modelo: Obxectivo, tarefa, prazo de execución da tarefa, produto a entregar e data de entrega.
  - III. Descrición da empresa e perfil dos profesionais que desenvolverán os traballos. Capacidade de produción da empresa.
  - IV. Experiencias previa demostrable na realización de traballos similares.

V. Oferta económica co detalle correspondente ás tarefas do programa de traballo proposto.

VI. Propostas adicionais para o desenvolvemento do proxecto.

Poderá incluírse neste sobre calquera outra información que achegue datos sobre a capacidade da empresa para a realización dos traballos obxecto do presente concurso.

#### **1.3.4. Apertura de Propostas**

Terá lugar na sede social da Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia, Avenida de Vigo s/n, 15705 Santiago de Compostela, ás 10:00 horas, o día 2 de agosto de 2006 procedéndose en dito acto a dar lectura dos datos solicitados no sobre identificado como "Sobre A".

#### **1.3.5 Achega de información dos ofertantes**

Os propoñentes obríganse a prestar todas as aclaracións que o adxudicante considere oportunas.

### **1.4 CONDICIÓNS ECONÓMICAS**

#### **1.4.1. Condicións da contratación**

##### **1.4.1.1.- Prestación do servizo**

O adxudicatario estará obrigado a constituir e presentar un aval polo 100% do importe da adxudicación, antes da firma do contrato.

O pagamento efectuarase nos 30 días seguintes a firma do contrato previa presentación da factura

##### **1.4.1.2.- Outras condicións**

Os gastos inherentes á elaboración e sinatura do contrato, serán por conta do adxudicatario. Os anuncios efectuados para esta convocatoria correrán a cargo do adxudicatario.

### **1.5. ACEPTACIÓN.**

Defínese a aceptación do servizo como a data de notificación polo adxudicatario do servizo, cuxo desenvolvemento contrátase, que encóntrase concluído e recibe a aceptación do CESGA.

### **1.6. PRAZO DE ENTREGA.**

Os entregables requiridos serán entregados según os prazos detallados no Prego de Condicións Técnicas.

### **1.7. PENALIZACIÓNS.**

- I) Nos casos de demora de entrega dos servizos contratados por razóns imputables ó adxudicatario que non resulten de causas de forza maior será aplicada unha penalización dun 10 % do importe total do contrato por cada semana ou fracción de demora.
- II) Cando xurdan casos de forza maior que poidan determinar un alongamento na data de entrega, o adxudicatario, debe solicitar, por escrito, autorización do adxudicante para entregar o resultado despois desa data, indicando unha nova data de entrega e expondo os motivos que obrigan a iso. A nova data de entrega será aceptada polo adxudicante en caso de que non exceda en máis de 10 días a data orixinal. En caso contrario o adxudicante ten a facultade de aceptar a nova data ou rescindir o contrato.
- III) Os materiais ou servizos rexeitados na recepción serán considerados para efectos como non entregados. Os materiais rexeitados serán notificados ó subministrador do servizo e a retirada destes será feita por conta e risco deste; entendéndose que excedido o prazo de 15 días en relación á notificación pasarán a poder do adxudicante como material non útil.
- IV) En caso de rescisión de contrato, por razóns de forza maior ou outras, imputables ó adxudicatario, o adxudicante terá dereito a recibir o pagamento dunha penalización calculada de acordo co tipo de interese preferente definido polo Banco de España na data de rescisión e con efecto sobre os pagamentos realizados.

### **1.8. LEXISLACIÓN E FOROS COMPETENTES**

Para a resolución dos conflitos que poidan xurdir na aplicación ou interpretación do contrato, ambas as dúas partes declaran someterse ó sistema arbitral de consumo, aceptando as normas reguladoras deste sistema recollidas no Real Decreto 636/1993, de 3 de maio.

### **1.9. PROPOSTAS ALTERNATIVAS**

Serán aceptables propostas alternativas sempre que se respecten as condicións obrigatorias deste prego de condicións.

### **1.10 ACLARACIÓNS ÓS OFERTANTES**

Os ofertantes poderán solicitar aclaracións adicionais, por escrito, ó Director da S.A.X CESGA, Avenida de Vigo s/n, 15705 Santiago de Compostela, Teléfono: (981) 569810, Fax: (981) 594616.

## **2. CRITERIOS DE VALORACIÓN.**

Para a selección das ofertas a S.A. Xestión CESGA basearase nos criterios de valoración incluídos no prego de condicións técnicas.

## **3. FORMA DE PAGAMENTO.**

O pagamento realizarase mediante talón nominativo ou transferencia a elección do adxudicante.

---

---

**PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS PARA A  
CONTRATACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O PROXECTO ICHNOS –  
Xullo 2006**

---

---



## 1. INTRODUCCIÓN

Os servizos demandados no presente concurso teñen como finalidade a realización de diversos traballos necesarios para a execución do proxecto ICHNOS.

No proxecto ICHNOS, financiado polo programa InterregIIIIC, participan ANCI Sardegna (Asociación Nacional de Municipios -Rexión Cerdeña, Italia), a rexión de Vysocina (República Checa) e o Centro de Competencias en Comercio Electrónico do CESGA.

Os obxectivos do proxecto ICHNOS son:

- Desenvolver e probar un modelo conxunto de Centro de Competencias Rexional para Xanelas Únicas Empresariais que poida ser transferido a outras rexións europeas;
- Estudar o aproveitamento das novas tecnoloxías para facilitar a xestión ás xanelas únicas.

O papel do CESGA no proxecto enfócase en dúas direccións: na achega da súa experiencia no Centro de Competencias, e na contribución co seu coñecemento das posibilidades das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) aplicándoas á simplificación do proceso de constitución dunha empresa.

O presente concurso está dividido nos seguintes lotes:

- Lote I: Integración e adaptación de contidos para a elaboración dun informe resumo.
- Lote II: Realización dunha serie de publicacións monográficas e difusión de resultados.

Todas publicacións obxecto deste concurso realizaranse baixo unha licencia *Creative Commons*: Recoñecemento-NonComercial-CompartirIgual 2.5 España.

## **Lote I: Integración e adaptación de contidos para a elaboración dun informe resumo**

### **1. OBXECTIVOS**

Como parte das actividades planificadas no marco do proxecto ICHNOS, o Centro de Supercomputación de Galicia a través do Centro de Competencias en Comercio Electrónico elaborará unha publicación que englobe os informes técnicos xerados dentro do proxecto –que se atopan principalmente en inglés e tamén en galego-. Esta publicación, recollerá as principais análises, achados, conclusións e recomendacións.

O obxectivo concreto que se pretende é:

- A creación dun libro de referencia –dunha extensión aproximada de 200 páxinas en versión bilingüe galego-inglesa- que resuma toda a información e análises acadadas polo proxecto, de forma ordenada, sinxela, e útil.

### **2. OBXECTO DOS TRABALLOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

As tarefas en que se detalla a asistencia técnica son:

- A integración dos contidos proporcionados polo equipo de ICHNOS do CESGA –que os irá entregando dende a adxudicación do concurso ate febreiro de 2007-.
- A corrección e adaptación dos textos.
- A redacción dun epígrafe de introducción e un epígrafe final de conclusións e recomendacións.



- A creación dun índice de figuras.
- A creación dun glosario de termos, ordenado por orde alfabética e que comprenda as definicións das principais expresións técnicas utilizadas no documento.
- A realización dos textos do documento nos idiomas do proxecto en Galicia: galego, español e inglés.
- O deseño e maquetación do documento –utilizando os elementos de deseño corporativo que proporcionará o equipo de ICHNOS do CESGA.
- A impresión de 1.000 exemplares dunha versión bilingüe galego e inglesa. O formato da publicación terá dúas portadas, substituíndo unha delas á contraportada, de forma que poida comezarse pola versión galega ou pola inglesa.
- A publicación realizarase baixo unha licencia *Creative Commons*. A versión española estará soamente dispoñible na web do proxecto.
- A empresa adxudicataria encargarse das xestións necesarias para a obtención do depósito legal e o ISBN.

Todos os traballos contarán coa cooperación, asistencia, supervisión e aprobación do equipo de ICHNOS do CESGA.

### **3. ENTREGABLES REQUIRIDOS E PRAZOS**

- Se entregará un índice do documento en formato dixital.
- Se realizarán dúas propostas para maqueta base (portada e elementos de deseño e estruturación das páxinas interiores).

- Entregarase asimesmo unha primeira parte dos traballos co obxecto de verificar que as tarefas se están a realizar de acordo coas directrices dadas polo CESGA.
- Se entregará en formato dixital, tres ficheiros correspondendo a versión galega, española e inglesa.
- Ademais entregarase un ficheiro dixital cunha versión bilingüe galego-inglesa en formato apto para a súa impresión.
- En formato físico, se entregarán 1.000 exemplares da versión bilingüe (galego-inglesa) que terá unha extensión aproximada de 200 páxinas – número de páxinas que inclúe os dous idiomas-.

As características de impresión definitivas serán definidas tendo en conta o deseño da publicación. En calquera caso, serán dunha calidade similar ou superior a:

Papel: páxinas interiores con peso mínimo de 115 gr./m<sup>2</sup>, portada con peso mínimo de 125 gr./m<sup>2</sup>.

Tamaño: DIN-A4 ou DIN-A5.

Impresión: 4/4 tintas.

O lugar de entrega será a sé do CESGA.

A publicación contará co depósito legal e ISBN –sendo as xestións necesarias para a súa obtención tarefa da empresa adxudicataria-, ademais de realizarse baixo unha licenza *Creative Commons*.

Todos os entregables se darán por validados e recibidos tras a expresa aprobación do equipo do proxecto ICHNOS do CESGA.

A continuación especificanse os prazos de entrega:



ENTREGABLE	DATA DE ENTREGA
Índice orientativo do documento	1 de decembro de 2006
Primeira parte dos traballos -30 %-	1 de febreiro de 2007
Entrega de proposta de deseño da maqueta base	1 de febreiro de 2007
Entrega da publicación definitiva	Marzo de 2007

#### 4. OUTRAS CONDICIÓN

A propiedade dos datos e análises realizados será exclusiva da Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia, que poderá cedelos a outras institucións públicas para o seu uso posterior así como difundilos a través de calquera medio sen a autorización nin comunicación á empresa contratada. A empresa contratada non poderá facer uso dos datos e análises que se deriven deles sen o consentimento escrito expreso da Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia.

#### 5. CRITERIOS DE VALORACIÓN

A continuación preséntanse os principais criterios de valoración do presente lote coas súas correspondentes ponderacións:

CRITERIO	%
Experiencia demostrable e CVs	15
Presentación conxunta a varios lotes	5
Memoria técnica	55
Melloras propostas	20
Oferta económica	5
<b>Total</b>	<b>100</b>

1. Experiencia demostrable

Valorarase a experiencia en traballos similares desenvolvidos no ámbito europeo.

A puntuación obtida se reescalará ata outorgar un máximo de 15 puntos.

2. Presentación conxunta a varios lotes

Valorarase a presentación conxunta aos dous lotes do que se compón este concurso.

Outorgaranse 5 puntos por este concepto.

3. Memoria técnica

- Descrición do plano de traballo a seguir (actividades e calendario) segundo a súa adecuación as necesidades do proxecto: ata 25 puntos.
- Descrición dos métodos de tratamento das fontes: ata 20 puntos.
- Descrición das medidas de características da calidade técnica das publicacións: ata 10 puntos.

4. Melloras propostas

As melloras propostas que se valorarán serán as que incidan directamente nos obxectivos do proxecto, especialmente na mellora da súa calidade e na ampliación do seu impacto.

Outorgaranse un máximo de 20 puntos por este concepto.

5. Oferta económica

Valorarase as rebaixas con respecto a cantidade económica fixada para este lote.

Outorgaranse un máximo de 5 puntos por este concepto.

## **Lote II: Realización dunha serie de publicacións monográficas e promoción de resultados**

### **1. OBXECTIVOS**

Dentro das accións do proxecto ICHNOS está previsto a elaboración dunha serie de publicacións monográficas sobre cuestións específicas relacionadas co ámbito do proxecto.

O equipo do proxecto ICHNOS do CESGA traballará, coa asistencia técnica doutra empresa na redacción duns informes que serán a fonte primaria esencial para a elaboración das publicacións obxecto de concurso do presente lote.

É tamén tarefa deste lote a organización dunha conferencia internacional que clausure o proxecto ICHNOS, que se celebrará no mes de febreiro do 2007 en Santiago de Compostela e que servirá para difundir e diseminar os resultados do proxecto a nivel internacional, entre eles, as publicacións antes mencionadas.

Os obxectivos xerais:

- Realizar unha serie de 6 documentos que poidan ser utilizados como referencia para a toma de decisións no futuro.
- Fomentar o debate de expertos, técnicos e profesionais en torno a problemática da posta en marcha de empresas.
- Diseminar os resultados obtidos no marco do proxecto entre os principais grupos de interese.

### **2. OBXECTO DOS TRABALLOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

Os temas das publicacións a elaborar dentro do presente lote son:



- As Xanelas Únicas Empresariais en Europa.
- Perspectivas da xanela única empresarial en Galicia.
- Simplificación administrativa para a creación de empresas en Galicia.
- Interoperabilidade das administracións públicas galegas.
- Apoio a empresas en Galicia [a estudar a posibilidade de desdoblarse en dous números].
- eGovernment cara empresas en Galicia (A2B- Administration to Business).

As súas características técnicas se presentan a continuación:

- Números: 6 [coa mencionada posibilidade a estudar dun número desdoblado].
- Paxinación e idiomas: cada número constará de 12 páxinas incluída a portada (3 pregos). Estas realizaranse en dúas versións: unha en galego e outra en castelán. A versión galega se imprimirá, e a española non. Na web do proxecto estarán dispoñibles as dúas. Ademais, incluírase unha separata de 4 páxinas en inglés (1 prego) cun resumo dos principais artigos de corte máis técnico, que se acompañará na versión física e estará tamén dispoñible na web.
- Papel: páxinas interiores con peso mínimo de 115 gr./m<sup>2</sup>, portada con peso mínimo de 125 gr./m<sup>2</sup>.
- Tamaño: DIN-A4.
- Impresión: 4/4 tintas. Vernizado offset para as páxinas da portada, cunha tirada de 1.000 exemplares (cada exemplar constará das 12 páxinas en galego e as 4 en inglés a modo de separata). A publicación realizarase baixo unha licenza *Creative Commons*.



O público obxectivo das publicacións monográficas son expertos, técnicos e profesionais do ámbito académico e da administración implicados no proceso de creación de empresas, organizacións e asociacións empresariais, institucións europeas e membros de redes que traballan no eido do proxecto ICHNOS.

As tarefas desenvolveranse baixo as directrices, colaboración e supervisión e aprobación do equipo do CESGA do proxecto ICHNOS. Todos os entregables se darán por validados e recibidos tras a expresa aprobación do equipo do proxecto ICHNOS do CESGA.

O material relacionado coa identidade corporativa será proporcionado, do mesmo xeito, polo equipo do CESGA do proxecto ICHNOS.

#### **a. Redacción de textos.**

As fontes de información para a redacción de contidos para os boletíns son tres:

- Informes monográficos redactados por unha terceira empresa que colabora co CESGA neste proxecto.
- Información proporcionada polo equipo de traballo do proxecto ICHNOS do CESGA.
- Contidos elaborados pola propia empresa adxudicataria do presente lote. Estes despees informativos favorecerán o consumo dos contidos dos monográficos, dado o seu carácter eminentemente técnico. Ex. : artigos de corte máis xornalístico complementarios, posibles inclusión de artigos de colaboradores.

Será, polo tanto, obxecto de concurso neste lote a adaptación dos contidos proporcionados e a redacción de contidos adicionais.

Dado que unha parte do contido dos monográficos se fundamenta nos informes a realizar por unha terceira empresa que colabora co CESGA neste proxecto, será preciso un traballo colaborativo con esta para a óptima execución do traballo. Deste xeito deberán participar de forma coordinada nas visitas a expertos que realice a empresa que presta asistencia técnica ao equipo do proxecto ICHNOS do CESGA na redacción dos informes mencionados no epígrafe 1.

#### **b. Separata- Prego.**

Os monográficos constarán, ademais de 12 páxinas (3 pregos) en galego ou castelán, dunha “separata” de 4 páxinas (un prego) en inglés.

O contido da separata referirase á parte máis científica do monográfico. Contará cun *abstract*, *key words* e os propios artigos traducidos ao inglés.

#### **c. Deseño do monográfico.**

A empresa adxudicataria realizará o deseño xeral da maqueta base, tendo en conta que o deseño será utilizado tanto para a versión impresa galega como para a versión dixital en formato PDF en español. Esta maqueta así como a maquetación específica de cada publicación será sometida a aprobación polo equipo de ICHNOS do CESGA.

Os elementos de identificación corporativa serán proporcionados polo equipo de traballo de ICHNOS do Centro de Competencias en Comercio Electrónico.

#### **d. Maquetación.**

É tarefa da empresa adxudicataria a maquetación, tanto das dúas versións do monográfico (galego e castelán) como da separata.

#### **e. Producción.**

A empresa adxudicataria proverá os medios necesarios para realizar a entrega dos exemplares en formato físico na sé do CESGA, segundo as características especificadas na introducción do epígrafe 2.

A versión galega –incluíndo a separata en inglés- será a única que se imprimirá, cunha tirada de 1.000 exemplares.

Se presentarán plegados con grapa omega.

#### **f. Difusión**

A empresa adxudicataria se ocupará así mesmo da difusión das publicacións. O plano da difusión contemplará, ao menos, as seguintes actividades:

- Evento público de presentación das publicacións.
- Difusión a medios coincidindo coa publicación de cada número.
- Realización dun texto para a presentación a potenciais lectores da por medio de correo electrónico a listas de correos de institucións europeas, proxectos de características similares ao proxecto ICHNOS, outros potenciais interesados –lista elaborada polo equipo do CESGA, así como os envíos tamén serán realizados polo equipo de ICHNOS do CESGA.

#### **g. Organización dunha conferencia internacional**

A empresa adxudicataria ocuparse dos preparativos da mesma, incluíndo:

- Elaboración de contidos para a promoción do evento na web do proxecto.

- Provisión dun local cos medios técnicos necesarios, cun aforo aproximado de 150 persoas.
- Publicidade e difusión a medios do evento antes e despois da súa celebración.
- Organización da inscrición dos participantes.
- Organización do *catering*.
- Organización do persoal auxiliar.
- Producción do *merchandising* (material a entregar aos congresistas).
- Xestións para a contratación dunha empresa de traducción simultánea de ser preciso.
- Organización das reservas hoteleiras e transporte para os poñentes.
- Deseño e produción de cartelaría, faldóns, *plotters*, plumas, etc.

As tarefas desenvolveranse baixo as directrices, colaboración e supervisión do equipo do CESGA do proxecto ICHNOS. O material relacionado coa identidade corporativa será proporcionado, do mesmo xeito, polo equipo do CESGA do proxecto ICHNOS.

### **3. ENTREGABLES REQUERIDOS E PRAZOS**

- Dada a importancia dos informes que realizará o CESGA con outra empresa colaboradora, acompañanse tamén as datas de entrega dos mesmos. Remárcase de novo a necesidade dun traballo coordinado para acadar un resultado dos traballos óptimo.

ENTREGABLE	DATA DE ENTREGA DOS INFORMES	DATA DA ENTREGA DAS PUBLICACIÓNS
As Xanelas Únicas Empresariais en Europa	6 de outubro de 2006	6 de novembro de 2006
¿Por que non existe xanela única empresarial en Galicia?	6 de outubro de 2006	6 de novembro de 2006
Simplificación administrativa para a creación de empresas en Galicia	30 de novembro de 2006	3 de xaneiro de 2006
Interoperabilidade das administracións públicas galegas	30 de novembro de 2006	3 de xaneiro de 2007
Apoio a empresas en Galicia I	30 de xaneiro de 2007	28 de febreiro de 2007
eGovernment cara empresas en Galicia (A2B-Administration to Business)	30 de xaneiro de 2007	28 de febreiro de 2007
Elaboración contidos sobre a conferencia para a web do proxecto	Formato html sen estilos	Novembro 2006
Formulario de rexistros	Formulario php para una base de datos mysql	Novembro 2006
Provisión de local		Outubro 2006
<i>Resto de actividades de organización de conferencia</i>		Xaneiro 2007

#### 4. OUTRAS CONDICIÓNS

A propiedade dos datos e análises realizados será exclusiva da Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia, que poderá cedelos a outras institucións públicas para o seu uso posterior así como difundilos a través de calquera medio sen a autorización nin comunicación á empresa contratada. A empresa contratada non poderá facer uso dos datos e análises que se deriven deles sen o consentimento escrito expreso da Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia.

#### 5. CRITERIOS DE VALORACIÓN

A continuación preséntanse os principais criterios de valoración do presente lote coas súas correspondentes ponderacións:

CRITERIO	%
Memoria técnica	55
Melloras propostas	20
Experiencia demostrable	15
Presentación conxunta a varios lotes	5
Oferta económica	5
<b>Total</b>	<b>100</b>



## 1. Memoria técnica

- Descrición da metodoloxía de tratamento das fontes primarias para o seu posterior adaptación a un enfoque xornalístico: ate 5 puntos.
- Descrición do método de colaboración coa empresa que presta ao CESGA asesoramento técnico no proxecto ICHNOS: ate 5 puntos.
- Descrición da proposta de realización de despeces xornalísticos para dar atractivo a información técnica: ate 10 puntos.
- Coordinación das entrevistas presenciais con expertos implicados no proxecto: ate 10 puntos.
- Descrición da adecuación do deseño da maqueta base as necesidades e expectativas do público obxectivo do proxecto: ate 10 puntos.
- Descrición do enfoque proposto do evento de presentación inicial das publicacións: ate 10 puntos.
- Descrición das medidas de características da calidade técnica das publicacións: ate 5 puntos.

## 2. Melloras propostas

As melloras propostas que se valorarán serán as que incidan directamente nos obxectivos do proxecto, especialmente na mellora da súa calidade e na ampliación do seu impacto.

Outorgaranse un máximo de 20 puntos por este concepto.



### 3. Experiencia

- Experiencia acreditada en publicacións impresas sectoriais e profesionais:
  - Por cada publicación realizada diferente: 5 puntos.
  - Por cada 1.000 exemplares da tirada da publicación: 5 puntos.
- Experiencia acreditable en organización de eventos como conferencias e presentacións.
  - Por cada número de eventos realizados: 5 puntos.

A puntuación obtida se reescalará ata outorgar un máximo de 15 puntos.

### 4. Presentación conxunta a varios lotes

Valorarase a presentación conxunta aos dous lotes do que se compón este concurso.

Outorgarase 5 puntos por este concepto.

### 5. Oferta económica

Valorarase as rebaixas con respecto a cantidade económica fixada para este lote.

Outorgarase un máximo de 5 puntos por este concepto.